

MOCIÓN DE AER SOBRE PLACAS INAUGURATIVAS

PLENO 28 MARZO 2012. ACTA 4/2012

Mocións de AER que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unhas das costumes que teñen Alcaldes, Presidentes de Autonomías e derivados é a de colocar unha placa nas diferentes infraestruturas que se rematan durante o seu mandato, incluso cando no se rematan tamén.

Estas placas colócanse en centros deportivos, centros de saúde, bibliotecas, etc, en definitiva, en centros públicos, os cales son levados a cabo cos cartos de todos os veciños e en moitos casos se levan a cabo tras anos de loita na rúa dos propios veciños porque senón nin existirían para que remate cunha placa co nome do mandatario de turno para o seu gozo.

Dende AER consideramos que non hai razón algunha para a colocación destas placas, en todo caso unha placa co ano de inauguración ou incluso cun recoñecemento os veciños. Entenderíase a colocación dunha placa unipersoal cando un particular dona os cartos para unha determinada obra pero non cando se fai cos cartos de tódolos veciños.

Acordo

- **No Concello de Redondela non se porá en ningún centro público unha placa inagurativa unipersoal do mandatario de turno nin de ningún outro.**
- **Retirada de todas as placas unipersoais existentes nas infraestruturas nas que o concello teña potestade.**
- **Instar a retirada destas placas en infraestruturas publicas sitas no concello que dependen doutras administracións.**

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade sendo vinte votos a favor (10 do PP, / do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) acordou aprobar a moción transcrita na súa parte expositiva incorporando na parte dispositiva o seguinte acordo:

Cando se inaugure un centro ou infraestrutura e caso de porse unha placa na mesma figurará somentes os nomes das institucións que a financiaran e a data da inauguración.